ÁLVARO VILA ARAUJO, voceiro do Grupo Provincial Socialista da Deputación de Ourense, en base ao previsto na Lei de Bases Reguladora do Réxime Local, ó artigo 91 e 97, entre outros, da Regulación de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e o Regulamento desta corporación presenta unha **MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA PARA ESTABLECER UN SISTEMA PÚBLICO, REGULADO E TRANSPARENTE DE DISTRIBUCIÓN DO CANON DA AUGA, BASEADO EN CRITERIOS OBXETIVOS E VERIFICABLE.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O canon da auga, regulado pola Lei 9/2010, de 4 de novembro, de Augas de Galicia, e o canon da xestión das depuradoras, regulado pola Lei 1/2022, do 12 de xullo, da mellora da xestión do ciclo integral da auga, son tributos propios da Xunta de Galicia de carácter finalista, creados co obxectivo de financiar infraestruturas hidráulicas, mellorar a calidade das masas de auga e garantir unha xestión sostible do ciclo integral da auga.

Estes tributos son recadados a través dos concellos, que actúan como entidades colaboradoras na súa cobranza, asumindo unha función que, na práctica, os converte en intermediarios ante a cidadanía. Porén, unha vez transferidos os fondos á administración autonómica, non existe un mecanismo obxectivo, transparente e proporcional que garanta que os recursos retornan aos territorios nos que se xeran.

A natureza finalista destes canons debería implicar un principio básico de xustiza territorial e corresponsabilidade, asegurando que os concellos nos que se realiza a recadación reciban investimentos proporcionais, ao tempo que se atenden criterios de solidariedade e equilibrio territorial. Non obstante, a realidade evidencia que non existe un modelo público, regulado e transparente de distribución dos fondos, xerando unha percepción crecente de agravio comparativo entre concellos.

Grupo Provincial Socialista
socialistaourense@gmail.com
Rúa do Progreso, 32 2º Andar. 32003 Ourense / **Teléfono** 988 31 79 80 / CIF V32244345
@PSOEOurense

Diputación Provincial Ourense. Copia electrónica auténtica documento papel. CSV: 163363761043327712 44 LIBRO XERAL DE ENTRADAS 2026044615 11/09/2026 08:54:02

Diputación Provincial Ourense. Copia electrónica auténtica documento papel. CSV: 163363761043327712 44 LIBRO XERAL DE ENTRADAS 2026044615 11/09/2026 08:54:02

Existen municipios que, a pesar de realizar unha elevada achega recadadora, non teñen recibido investimentos significativos con cargo a estes canons nos últimos anos, mentres que outros territorios contan cunha presenza reiterada de convenios e actuacións financiadas pola Xunta. Esta situación, unida á práctica habitual de sinatura de convenios bilaterais con determinados concellos, reforza a percepción dun uso discrecional e partidista dos fondos.

Dende o Grupo Provincial Socialista entendemos que un tributo finalista non pode converterse nun instrumento de desequilibrio territorial nin nun mecanismo de afinidade política. A distribución dos recursos debe responder a criterios públicos, obxectivos, verificables e equitativos.

Por iso defendemos un modelo de reparto baseado en tres principios: retorno territorial, principio de solidariedade e financiamento do sistema.

Por todo o exposto, o Grupo Provincial Socialista presenta as seguintes **PROPOSTAS DE ACORDO**,

A Deputación Provincial de Ourense insta á Xunta de Galicia a:

PRIMEIRO.- Establecer un sistema público, regulado e transparente de distribución do canon da auga, baseado en criterios obxectivos e verificables.

SEGUNDO.- Garantir que, como mínimo, o 50 % da recadación obtida en cada concello reverta en investimentos no propio municipio onde se xera. Destinar un 30 % dos fondos a un mecanismo de solidariedade territorial, orientado prioritariamente a concellos con maiores necesidades en infraestruturas, dispersión poboacional ou limitacións orzamentarias. E reservar como máximo o 20 % da recadación para os custos de xestión, mantemento e funcionamento do sistema autonómico.

TERCEIRO.- Publicar anualmente un informe detallado e desagregado por concellos que inclúa: cantidade recadada en cada municipio. Investimentos executados con cargo aos canons. Convenios asinados e importes asociados. E criterios técnicos utilizados para a asignación de fondos.

Grupo Provincial Socialista

socialistaourense@gmail.com

Rúa do Progreso, 32 2º Andar. 32003 Ourense / **Teléfono** 988 31 79 80 / CIF V32244345

@PSOEOurense

CUARTO.- Garantir que a asignación de recursos non estea condicionada por criterios partidistas nin por afinidades políticas, senón exclusivamente por parámetros técnicos, ambientais e de necesidade obxectiva.

En Ourense, a 11 de setembro de 2026.

Asinado: **ÁLVARO VILA ARAÚJO**



SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

Diputación Provincial Ourense. Copia electrónica auténtica documento papel. CSV: 163363761043327712 44 LIBRO XERAL DE ENTRADAS 2026044615 11/09/2026 08:54:02

Grupo Provincial Socialista

socialistaourense@gmail.com

Rúa do Progreso, 32 2º Andar. 32003 Ourense / **Teléfono** 988 31 79 80 / CIF V32244345

@PSOEOurense